

RESOLUCIÓN REITORAL DE 25 DE MARZO DE 2019 POLA QUE SE CONVOCAN CONCURSOS DE CREACIÓN AUDIOVISUAL, FOTOGRAFÍA, PINTURA E MAQUETAS DE MÚSICA PARA O ANO 2019

O artigo 105 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos desta Universidade (DOG do 22 de febreiro) establece que a Universidade desenvolverá actividades de extensión universitaria, dirixidas a todos os membros da comunidade universitaria, en virtude das facultades outorgadas pola Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, do 12 de abril, de universidades, esta reitoría **RESOLVE**:

1. Facer pública a convocatoria dos seguintes concursos:
 - XVII premio de creación audiovisual.
 - XVI certame de fotografía.
 - XVII premio de pintura.
 - XVII premio de maquetas de música.
2. Ordenar a publicación da presente convocatoria, xunto coa súa normativa correspondente no rexistro xeral, nos rexistros auxiliares e na páxina web <https://www.uvigo.gal/campus/cultura/premios-culturais>.

A participación nos concursos solicitarase no modelo oficial (Anexo I), e presentarse xunto coa documentación esixida nos rexistros oficiais da Universidade de Vigo ou en calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas **ata o 21 de xuño de 2019. O modelo estará dispoñible na secretaría virtual.**

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor

Por delegación R.R. do 01/12/2018 (D.O.G. do 7)

A vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria

(asinada electronicamente)

Natalia Caparrini Marín



BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE CONCURSOS DE CREACIÓN AUDIOVISUAL, FOTOGRAFÍA, PINTURA E MAQUETAS DE MÚSICA PARA O ANO 2019**1. CONDICIÓN XERAIS**

A participación na presente convocatoria supón a aceptación das bases, que poderán ser interpretadas polo xurado e a vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria naqueles aspectos non previstos nas mesmas.

1.1 Solicitudes e documentación

As persoas solicitantes deberán encher o formulario electrónico que se atopa na páxina web da Universidade de Vigo, a través da secretaría virtual <https://www.uvigo.gal/campus/cultura/premios-culturais/>.

As persoas solicitantes, deberán acompañar, obrigatoriamente, as obras xunto coa documentación que se indica en cada un dos tipos de concurso específico no momento da presentación da solicitude.

A solicitude, asinada pola persoa autora da obra ou a persoa que representa ao grupo de traballo, xunto coa obra e a documentación solicitada, presentarse nos rexistros oficiais da Universidade de Vigo ou en calquera das formas previstas no artigo da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas e dirixirse á vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria.

O prazo de presentación de solicitudes remata o **21 de xuño de 2019**.

As persoas solicitantes (sexa única ou un grupo de traballo) farán unha declaración responsable sobre:

- Que non están incurso en ningunha prohibición para obter a condición de persoa/s beneficiaria/s de axudas ou premios.
- Que están ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Que non ten pendentes de pagamento débedas coa Universidade de Vigo nin son debedoras por resolución de procedencia de reintegro.

As persoas solicitantes tamén se lles poderán requirir que acheguen os documentos que fosen precisos para aclarar os datos necesarios para a adxudicación dos premios.

1.2 Resolución e notificación

- O Xurado será designado pola vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria e estará composto por membros da comunidade Universitaria e profesionais de prestixio na materia do concurso.
- O fallo publicitarase adecuadamente, podendo consultarse no seguinte enlace <https://www.uvigo.gal/campus/cultura/premios-culturais/>.
- A entrega de premios terá lugar no presente ano 2019.



- A decisión do xurado será inapelable. O xurado resérvase o dereito de declarar desertos algún ou a totalidade dos premios.
- O xurado poderá otorgar accésits (especificando razóns da concesión e cuantía económica) se así o considera oportuno e sempre que non se sobrepenen os fondos destinados a esta convocatoria.
- Os fondos destinados a estes premios irán con cargo a seguinte aplicación orzamentaria: 2019 00CA 211ECUL 22699.
- Ao importe dos premios aplicaráselle a retención fiscal legalmente establecida.
- As persoas participantes neste concurso que resulten premiadas, ceden á Universidade de Vigo os dereitos de explotación das obras premiadas e permitirán os dereitos de uso difusión, distribución e exhibición das mesmas, que poderían ser editadas, en calquera das súas publicacións así como expoñelas en algunha mostra en calquera dos 3 campus, facendo sempre mención ao nome da/as persoa/s autor/as das obras.

As pinturas premiadas formarán parte da colección artística da Universidade de Vigo.

Nas maquetas de música, a Universidade de Vigo resérvase a posibilidade de editar un CD ou DVD con temas das persoas gañadoras en cada modalidade ou promover actuacións destas.

Non obstante, os autores poderán facer uso delas mencionando o premio obtido.

No premio de pintura, se a xuízo do xurado, a cantidade e calidade das obras presentadas ao premio así o permitiran, faríase unha ou varias exposicións no ámbito da Universidade de Vigo co seu correspondente catálogo. As persoas participantes estarán obrigadas a ceder as obras seleccionadas para estas exposicións o tempo necesario para desenvolveselas.

- Os traballos non premiados poderán ser retirados **ata o 30 de setembro de 2019**, para iso a persoa autora da obra deberá enviar un email a extension@uvigo.es e o Servizo de Xestión da Extensión Universitaria porase en contacto con ela para establecer o prazo e o xeito da recollida da obra. Aqueles que non fosen recollidos neste prazo quedarán a disposición da Universidade de Vigo e non haberá posibilidade de reclamación.

1.3 Revogación dos premios:

A concesión destes premios serán revogados polos seguintes motivos e de ser o caso, suporá o reintegro por parte dos premiados das cantidades incorrectamente percibidas:

- A ocultación ou falseamento de datos, a súa alteración ou calquera información solicitada.
- O incumprimento das obrigas especificadas nesta convocatoria.

1.4 Tratamento de datos persoais

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou "RXPD") e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos que nos facilite na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de xestionar o presente procedemento, e amparados pola normativa vixente pola convocatoria do proceso.



Coa súa participación nesta convocatoria as persoas interesadas autorizan á Universidade de Vigo para a publicación dos seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, cando así se derive da natureza deste procedemento.

Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos.

Vostede está obrigada a facilitar estes datos en cumprimento do requisito esixido pola convocatoria. En caso de non facelo, non será admitida a súa solicitude para os concursos de creación audiovisual, fotografía, pintura e maquetas de música.

A persoa solicitante garante que os datos aportados son verdadeiros, exactos, completos e actualizados, sendo responsable de calquera dano ou prexuízo, directo ou indirecto que puidese ocasionarse como consecuencia do incumprimento de tal obriga. No caso que a persoa solicitante facilite datos de terceiras persoas, manifesta contar co consentimento das mesmas e comprométese a trasladarlle a información contida nesta cláusula, eximindo á Universidade de Vigo de calquera responsabilidade neste sentido.

Vostede ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Devanditos dereitos poderá exercelos mediante solicitude presentada ante o rexistro da Universidade de Vigo, ou calquera dos rexistros indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo (Campus das Lagoas-Marcosende, 36310-Vigo) coa referencia "protección de datos", a través dun escrito asinado ao efecto e achegando unha fotocopia do seu DNI. Para mais información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>.

Igualmente poderá dirixir dita solicitude directamente ao Delegado de Protección de Datos do responsable cuxa identidade e datos de contacto son Pintos & Salgado Abogados S.C.P., Avda. de Arteixo, 10 – 1º Esq., 15004 de a Coruña (España), teléfono: 981227076, enderezo electrónico: dpd@uvigo.gal.

Así mesmo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).



PREMIO DE CREACIÓN AUDIOVISUAL

- Poderá participar calquera membro da comunidade universitaria da Universidade de Vigo (alumnado, PAS e PDI).
- Poderase presentar calquera traballo amateur e orixinal non galardoado en ningún outro concurso ou festival autonómico, nacional ou internacional. O xurado poderá retirar e declarar nulo calquera dos premios adxudicados, se a posteriori recabase información que demostrase que o traballo en cuestión xa fora premiado en calquera outro concurso ou festival autonómico, nacional ou internacional.
- O tema será libre e haberá 4 modalidades:
 - Curta narrativa.
 - Documental.
 - Vídeo experimental.
 - Animación.

O material audiovisual contido na obra debe ser de produción propia ou, no seu defecto, compre citar as fontes das imaxes alleas que se inclúan así como o estado dos dereitos de utilización delas.

Todos os traballos presentados en calquera das modalidades, estará editado cos seus correspondentes títulos de crédito, nos que obrigatoriamente aparecerán citadas as fontes e os autores das imaxes e dos sons ou bandas sonoras; ademais especificarase o ano de produción da obra.

- Os traballos deberán presentarse nun pendrive perfectamente identificado; ditos traballos estarán almacenados en formato de arquivo (.mov, .avi, .mpg-4, etc...) e usando o códec H264 para a súa comprensión. A duración non excederá de 15 minutos. A duración dos traballos da modalidade documental deberá ser como mínimo de 10 minutos.
- Cada participante ou grupo de traballo poderá presentar un máximo de 2 obras por cada unha das modalidades.
- Os traballos levarán ben visible: un título, a duración e a modalidade na que participan, e **irán acompañados dun sobre pechado** no que figure:
 - No exterior: o mesmo título, modalidade e duración da obra (datos que tamén deben aparecer no traballo nun lugar ben visible).
 - No seu interior debe figurar:
 - **O formulario (Anexo I)**, cuberto, asinado e rexistrado nos Rexistros da Universidade de Vigo ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas.
 - **Copia do DNI/NIE** da/s persoa/s autora/s da obra.
- Establécense os seguintes premios:
 - 600 euros para o 1º mellor traballo de cada modalidade.
 - 300 euros para o 2º mellor traballo de cada modalidade.



CERTAME DE FOTOGRAFÍA

- Poderá participar calquera membro da comunidade universitaria da Universidade de Vigo (alumnado, PAS e PDI), que non fose premiado en edicións anteriores neste mesmo certame.
- O tema será libre e haberá dúas modalidades:
 - Serie,
 - Fotografía única.

No caso de presentarse unha mesma obra nas dúas modalidades deberá presentarse unha copia en cada unha delas. As series serán de 3, 4 ou 5 fotografías.

- Poderán presentarse traballos en branco e negro ou a cor. O tamaño será libre non podendo ser inferior a 20 centímetros en calquera das súas dimensións e deberán estar montadas sobre cartón-pluma ou calquera outro soporte que manteña a súa rixidez.
- A fotografía levará escrita no seu reverso un título identificativo, e **irá acompañada dun sobre pechado** no que figure:
 - No exterior: o mesmo título que aparecera no reverso da fotografía e a modalidade.
 - No seu interior debe figurar:
 - **O formulario (Anexo I)**, cuberto, asinado e rexistrado nos Rexistros da Universidade de Vigo ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas.
 - **Copia do DNI/NIE** da persoa autora da obra.
- As persoas premiadas, comprométese a enviar á vicerreitoría o negativo ou arquivo dixital en máxima resolución das obras premiadas, nos prazos e do xeito que a Universidade decida. No caso dos negativos, éstos serán devoltos.
- Establécense os seguintes premios:
 - Serie: Un 1º premio de 600 euros e un 2º premio de 300 euros.
 - Fotografía única: Un 1º premio de 400 euros e un 2º premio de 200 euros.

Os premios da serie e da fotografía única non poderán recaer na mesma persoa.



PREMIO DE PINTURA

- Poderá participar calquera membro da comunidade universitaria da Universidade de Vigo (alumnado, PAS e PDI), que non fose premiado en edicións anteriores neste mesmo premio.
- Cada participante poderá presentar unha única obra orixinal que non fose galardoada en ningún outro concurso.
- A técnica utilizada será libre e o tamaño das obras non excederá de 200 centímetros na maior das súas dimensións. A técnica utilizada debe garantir a estabilidade da obra, evitando no posible a utilización de materiais que se podan degradar co paso do tempo.
- O traballo levará escrita no seu reverso un título identificativo e **irá acompañada dun sobre pechado** que conteña:
 - No exterior: o mesmo título que aparecera no reverso da obra e a modalidade.
 - No seu interior debe figurar:
 - **O formulario (Anexo I)**, cuberto, asinado e rexistrado nos Rexistros da Universidade de Vigo ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas.
 - **Copia do DNI/NIE** da persoa autora da obra.
- Establécese un premio e 1.500 euros para a obra que resulte mellor valorada.

PREMIO DE MAQUETAS DE MÚSICA

- Poderán presentarse aqueles solistas que sexan membros da comunidade universitaria da Universidade de Vigo (alumnado, PAS e PDI), ou aqueles grupos que teñan entre os seus compoñentes alomenos 2 membros da devandita comunidade ou 3 no caso de grupos de 5 ou máis compoñentes.
Non poderán tomar parte neste concurso os que teñan editado algún traballo discográfico, agás que sexa autoeditado e non conten con respaldo discográfico na actualidade.
- Os temas incluídos na maqueta non poden ter sidos premiados en ningún outro concurso.
- As maquetas deberán entregarse en soporte CD con calidade aceptable e contarán cun mínimo de 3 temas orixinais.
- A maqueta levará un título identificativo e irá **acompañada dun sobre pechado** que conteña:
 - No exterior: o mesmo título, modalidade e duración da obra.
 - No seu interior debe figurar:
 - **O formulario (Anexo I)**, cuberto, asinado e rexistrado nos Rexistros da Universidade de Vigo ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas.
 - **Copia dos DNIs/NIEs** de cada un dos membros do grupo.
- Establécense os seguintes premios:
 - 1º premio: 800 euros
 - 2º premio: 400 euros.

